



## DOCUMENTO DAS SOCIEDADES CIENTIFICAS DE ATENCION PRIMARIA GALEGAS PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008.

A Lei de Saúde de Galicia do ano 2008, estableceu as normas polas que se ten que rexer o Sistema Sanitario Público de Galicia. Esta Lei contempla unha Sanidade Pública, Universal, Gratuíta e de Calidade, tal e como manda o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución do Estado Español. Agora a Xunta pretende cambiar esta Lei mediante un Anteproxecto que o noso entender resulta claramente prexudicial para o desenvolvemento da Atención Primaria (AP).

Este anteproxecto confirma e oficializa as Areas de Xestión Integradas, que ca intención, nunca demostrada nin avaliada, de integrar e coordinar mellor a asistencia sanitaria, está a contribuír á irrelevancia da AP e á súa infradotación e descapitalización, diminuíndo, de ano en ano, o seu peso no conxunto dos orzamentos do SERGAS. Este ano situarase no magro 13% (con areas como Vigo que non pasan do 11%), lonxe das recomendacións que o sitúan no 25% do gasto sanitario para que o sistema poda ser sostible. Semella sinxelo: si centramos a meirande parte do investimento en curación e tratamento e menos en prevención e promoción da saúde, característicos da AP, o futuro que nos espera é desolador. A perda das xerencias de AP teñen sido o comezo da marxinação da AP e a súa substitución e absorción polos problemas mais acuciantes dos grandes centros hospitalarios.

Por isto reclamamos a retirada de este anteproxecto e a recuperación das estruturas de xestión da AP que podan dar o pulo que o primeiro e fundamental nivel asistencial precisa.

Jesus Sueiro Justel

AGAMFEC

Francisco Jesús Represas Carrera

AGEFEC

Carlos Bastida Calvo

SEMG

AGAMFEC  
Asociación galega de enfermería familiar e comunitaria  
www.agefec.org